

SERMOOS GALIZA

Organizan unha ruta que percorre os escenarios da novela “Costa do Solpor”

Redacción | 14 de Outubro de 2015



Costa da Morte

A praia da Arnela, Cabo Vilán, o porto de Fisterra... Unha iniciativa turístico-literaria percorrerá os escenarios da novela *Costa do Solpor*, de Xosé M^a Lema, uns espazos de alto interese paisaxístico. O gueiro da ruta será o propio autor.

Baixo o nome **Ruta Costa do Solpor** este sábado, 17 de outubro, terá lugar un percorrido turístico-literario para coñecer os escenarios da novela *Costa do Solpor*, de Xosé M^a Lema, obra finalista do

Premio Xerais de Novela 2011 e Premio da Crítica Galicia 2014 de Creación

Literaria. O propio autor será que actúe de gueiro e o poeta fisterrán **Alexandre Nerium**, recitará pezas súas que inspiraron pasaxes importantes da obra.

A ruta, organizada polo **Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte** (SEMESCOM), en colaboración coa **Asociación de Escritores en Lingua Galega** (AELG), levará as persoas participantes ao pazo de Boallo, á Casa do Camiño; á visión dos “espídos peitos da muller enfesta” e da “montaña Vermella”, o porto de Fisterra, a fortaleza de San Carlos, a casa natal do Crego Sabio, a praia da Arnela, o monte Cachelmo, a furna da Buserana, Vilasumisa, o cabo Vilán, a “Area Escorredía”, o Penal do Veo, a Serra das Penas Rubias, Valverde, os Coídos Xemelgos. os valados litorais...

O percorrido, que se realizará na súa maior parte en autobús cun tramo a pé de **3,5 km**, terá o seu comezo na praza do **Concello de Vimianzo** ás 10h, con regreso ao redor das 20h.